

CPI CAMIÑO DE SANTIAGO

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

SEXTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

INGLÉS

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.</p> <p>B1.3. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.</p> <p>B1.4. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.</p>	<p>PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).</p>
	<p>PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.</p>
	<p>PLEB1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.</p>
	<p>PLEB1.7. Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos etc.).</p>

	<p>PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.</p>
<p>B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual.</p> <p>B3.3. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.</p>	<p>PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.</p>
<p>B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. 😊, @, £), e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.</p>	<p>PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.</p>
	<p>PLEB3.4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).</p>

	<p>PLEB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).</p>
<p>B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p> <p>B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.</p> <p>B4.8. Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.</p>	<p>PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).</p> <p>PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.</p>
<p>B5.4. Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral ou escrita (p. e estrutura interrogativa para demandar información).</p>	<p>PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que tratan sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.</p>

B5.5. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.

B5.6. Cumprir a función comunicativa principal do texto (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos para inicio e despedida para peche en conversas ou en correspondencia, ou unha narración esquemática desenvolvida en puntos.

B5.8. Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, entón”, “pero”, “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en, p. e., tempos verbais ou na concordancia.

B5.9. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.

PLEB5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).

PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Con carácter xeral, terase en conta a presentación, de xeito correcto, das actividades das unidades e das tarefas realizadas polo alumnado nas fichas de posta ó día, apoio, reforzo, ampliación, das historias, dos temas intercurriculares e das seccións Explora a vida real!, Le máis! e Coñece o Reino Unido!- Para o alumnado con algunha avaliación pendente, terase en conta a presentación, de xeito correcto, das actividades e tarefas das fichas de posta ó día, apoio e reforzo das unidades 1, 2 e 3.- Asemade, procederase á escoita, de ser o caso, das gravacións enviadas polo alumnado.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Con carácter xeral, as actividades das unidades e das tarefas realizadas polo alumnado nas fichas de posta ó día, apoio, reforzo, ampliación, das historias, dos temas intercurriculares e das seccións Explora a vida real!, Le máis! e Coñece o Reino Unido!- Para o alumnado con algunha avaliación pendente, as actividades e tarefas das fichas de posta ó día, apoio e reforzo das unidades 1, 2 e 3.- Lista de control.
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ol style="list-style-type: none">1. En ningún caso o alumnado terá cualificación negativa por razón de non ter elaborados ou entregados os traballos encomendados.2. Por norma xeral, a cualificación final ordinaria será a nota media das obtidas na primeira e na segunda avaliación.3. Se o alumnado realiza e entrega o traballo encomendado (unicamente o establecido dende o momento que se lles notifica a necesidade de envío), e este está realizado de xeito correcto, a cualificación final corresponderase coa nota máis alta das obtidas nos dous trimestres anteriores.4. O alumnado con algunha avaliación suspensa avaliarase en función do establecido no punto <i>Avaliación de materia pendentes</i>.
Avaliación de materia	<p>Tanto o alumnado que teña pendentes unha, ou mesmo as dúas avaliacións anteriores, así como o que teña a materia pendente de anos anteriores, deberán presentar, para ter unha cualificación ordinaria positiva, as</p>

pendentes	<p>actividades das fichas de posta ó día, apoio, reforzo que a continuación se relacionan:</p> <p>A. Do primeiro grupo de actividades publicadas na web da escola o venres, 13/03/2020:</p> <ul style="list-style-type: none"> • GE_03_CatchUP_Unit_01.pdf • GE_03_CatchUP_Unit_02.pdf • GE_03_Reinforcement_Unit.pdf • GE_03_Reinforcement_Unit_02.pdf • GE_03_Support_Unit_01.pdf • GE_03_Support_Unit_02.pdf <p>B. Do segundo grupo de actividades publicadas na web da escola o martes, 14/4/2020:</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>CatchUP 03</i> • <i>Support Unit 03</i> • <i>Reinforcement Unit03</i>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>- A realización da totalidade das tarefas especificadas no punto anterior, con corrección e con caligrafía, ortografía e limpeza adecuadas, levará consigo a obtención dunha cualificación final ordinaria de <i>suficiente</i>.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>- Avaliación das actividades e tarefas das unidades realizadas polo alumnado nas follas de posta ó día, apoio e reforzo das unidades 1, 2 e 3.</p> <p>- Lista de control.</p> <p>- Escoita, de ser o caso, das gravación enviadas polo alumnos.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	- O alumnado realizará actividades e tarefas das unidades xa traballadas realizadas nas follas de posta ó día, apoio, reforzo, ampliación, das historias, dos temas intercurriculares e das seccións Explora a vida real!, Le máis! e Coñece o Reino Unido!

	<p>- Asemade examínase a posibilidade de rematar a unidade 4 que xa estaba moi avanzada no segundo trimestre.</p> <p>Neste último caso, o alumnado realizará as tarefas pertinentes no seu libro do alumno e no libro de actividades-</p> <p>- De ter tempo realizarían tamén as actividades de posta ó día, apoio, reforzo, ampliación, das historias, dos temas intercurriculares e das seccións Explora a vida real!, Le máis! e Coñece o Reino Unido! Da unidade 3.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</p>	<p>Debemos ter en conta, en primeiro lugar, que algún alumnado non ten conexión e que moitos deixaron os libros na escola. Atendendo ó anterior púxose en marcha un protocolo de elaboración das actividades e posta á disposición do alumnado dos materiais necesarios para poder realizalas. É esta unha tarefa complexa que require do emprego de, por unha banda, bastantes ferramentas e recursos informáticos, e por outra o desempeño de numerosas labores:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Selección, descarga, organización e tratamento dixital das distintas follas de actividades. 2. Elaboración das follas de instrucións e de corrección das actividades. 3. Selección, descarga e tratamento dixital dos audios e vídeos. 4. Elaboración e tradución da transcripción dos audios dos vídeos correspondentes. 5. Selección, escaneado e tratamento dixital das follas necesarias dos libros. 6. Subida á páxina web e/ou á aula virtual do centro de todos os materiais citados. 7. Corrección das tarefas realizadas. <p>Como axuda para o alumnado á hora de realizar as tarefas encomendadas proporcionóuselles unha mediateca coas seguintes ferramentas web:</p> <p><i>Dicionarios recomendados</i></p> <p>Nos dicionarios pódese alternar entre inglés-español ou español-inglés.</p> <p>- Léxico: https://www.lexico.com/es/english-spanish</p> <p>- Wordreference: https://www.wordreference.com/</p> <p>- Cambridge: https://dictionary.cambridge.org/es/diccionario/ingles-espanol/</p> <p><i>Tradutores:</i></p> <p>- Tradutor Google: https://translate.google.es/?hl=es</p> <p>- Tradutor DeepL: https://www.deepl.com/translator</p> <p>- Gaio: http://tradutorgaio.xunta.gal/TradutorPublico/traducir/index</p> <p>O primeiro serve como tradutor e ademais permite escoitar a pronuncia</p>

	<p>do que se escriba. O segundo é moi bo pero non conta con ferramenta de voz. O último é un tradutor castelán-galego. É moi bo. Non é recomendable usar o de Google para traducir ó galego. É mellor empregar este.</p> <p><i>Ferramenta para escribir e escoitar o que se escribiu:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Acapela-box: https://acapela-box.com/AcaBox/index.php. <p>É moi útil. A través desta aplicación, as nenas e nenos poden escoitar os textos que escriban escollendo voces e distintas velocidades.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Alumnado con necesidades educativas especiais: <p>Dentro das actividades propostas, os grupos de <i>CatchUP</i>, <i>Support</i> e <i>Reinforcement</i> están especialmente dirixidas a este tipo de alumnado.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Libros de texto ou, no seu caso, follas escaneadas dos mesmos. Ordenador, tablet, móvil e caderno. - Follas de reforzo, de ampliación, das historias, dos temas intercurriculares e das seccións Explora a vida real!, Le máis! e Coñece o Reino Unido! - Aplicación abalarMóvil. - Mediateca de ferramentas web. - Aula virtual Planeta.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A comunicación coas familias realízase fundamentalmente a través do correo electrónico e do espazo abalarMóvil, aínda que hai catro teléfonos na web do centro a disposición dos pais, nais e/ou titores/as legais do alumnado. - Na aula virtual do centro, habilítase un usuario especial para que as familias poidan facer uso dos foros e do servizo de mensaxería entrando co rol de invitado. - Asemade, a entrega de tarefas realizarase polo correo electrónico habilitado a tal efecto. - O alumnado que conte co libro dixital tamén poderá enviar as súas tarefas a través do servizo de mensaxería da plataforma Blink. - Tamén poden enviar mensaxes a través do servizo de mensaxería da plataforma dixital aulaPlaneta.
Publicidade	<ul style="list-style-type: none"> - Páxina web do centro. - Aula virtual do centro.